

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**690** *REAL DECRETO 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e os programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, incluídos nos Programas Operativos Integrados e nos Programas de Desenvolvemento Rural (PRODER).* («BOE» 11, do 12-1-2002.)

Durante os próximos anos a agricultura terá necesidade de se adaptar á evolución do comercio, a política de mercados, as normas comerciais, a demanda e preferencias dos consumidores e a ampliación da Unión Europea. Estes cambios, que afectarán non só ós mercados agrícolas, senón tamén á economía local das zonas rurais en xeral e ás políticas de desenvolvemento rural, alén de complementaren as políticas de prezos e mercados, deben ter como obxectivo restablecer e reforzar a competitividade desas zonas, fomenta-lo seu desenvolvemento, o axuste das súas estruturas, contribuír ó mantemento e creación de emprego e, en definitiva, ó mantemento dun tecido humano que sexa viable social e economicamente.

Neste sentido, en aplicación do disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, a Comisión Europea adoptou, na súa reunión do 14 de abril de 2000, as orientacións, obxectivos, ámbito e modalidades de aplicación da iniciativa comunitaria de desenvolvemento rural «Leader Plus», as directrices da cal ficaron establecidas na Comunicación da Comisión ós Estados membros 2000/C 139/05.

Por tanto, resulta necesario establece-las normas de aplicación en España da citada comunicación, sen prexuízo de que a aplicación práctica da iniciativa comunitaria se articule a través de dezasete programas rexionais, un por comunidade autónoma, máis un programa de carácter nacional que inclúe a integración en rede de tódolos axentes locais de desenvolvemento e a súa aplicación no suposto de o ámbito territorial dos programas comarcais pertencer a dúas ou máis comunidades autónomas. Por outra parte, tendo en conta que esta iniciativa comunitaria está cofinanciada con fondos da Unión Europea e das administracións nacionais, a presente disposición establece o sistema de axudas que constitúe a contribución financeira da Administración xeral do Estado para a execución, no marco da iniciativa e en réxime de subvención global, de programas comarcais de desenvolvemento rural xestionados por grupos de acción local.

Por outra parte, en aplicación do Regulamento (CE) 1257/1999, do 17 de maio, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), os programas operativos integrados rexionais de obxectivo 1 e os programas de desenvolvemento rural de fóra de obxectivo 1 inclúen como un dos eixes prioritarios unha serie de medidas de desenvolvemento endógeno de zonas rurais orientadas ó fortalecemento e diversificación da súa economía, ó mantemento da súa poboación, á elevación das rendas e ó benestar social dos seus habitantes e á conservación do espazo e os recursos naturais. Esas medidas, similares ás desenvolvidas durante o período de programación anterior a través do Programa Operativo de Desenvolvemento e Diversificación Económica

de Zonas Rurais de obxectivo 1 (PRODER), agora aplicables en todo o territorio nacional, están cofinanciadas con fondos da Unión Europea e das administracións nacionais, polo que se establece na presente disposición o sistema de axudas para a execución por parte de grupos de acción local de programas comarcais de desenvolvemento endógeno incluídos nos programas operativos integrados rexionais de obxectivo 1, incluídas as zonas de apoio transitorio, e nos programas de desenvolvemento rural de zonas fóra de obxectivo 1.

Este real decreto dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, o sector afectado e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2002,

## DISPÕO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-la aplicación da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e establece-lo sistema de axudas para a execución de programas comarcais no réxime de subvención global.

2. Tamén comprende o establecemento dun sistema de axudas, no marco do Regulamento (CE) 1257/1999, do 17 de maio, para a execución de programas comarcais de desenvolvemento endógeno, denominados PRODER.

## CAPÍTULO I

### Iniciativa comunitaria «Leader Plus»

### Artigo 2. *Finalidades.*

A iniciativa comunitaria «Leader Plus», como complemento ós programas xerais, ten por finalidade o fomento das estratexias orixinais de desenvolvemento sustentable e de calidade, destinadas á experimentación de novas formas de valorización de patrimonio natural e cultural, de mellora do contorno económico, co fin de contribuír á creación de emprego e á mellora da calidade de organización das respectivas comunidades rurais.

### Artigo 3. *Financiamento.*

1. A contribución financeira da Administración xeral do Estado á iniciativa comunitaria «Leader Plus», como complemento financeiro ás contribucións dos fondos comunitarios e das comunidades autónomas e, se for o caso, das entidades locais, será, dentro dos límites da correspondente dotación orzamentaria, a que se contén no anexo I deste real decreto, e destinarase:

a) Á execución de programas comarcais, concedéndose ós grupos de acción local para subvencionar proxectos encadrados no marco da iniciativa e promovidos ou desenvolvidos polos citados grupos.

b) Á xestión, avaliación e control dos programas rexionais.

c) Os eixes de «posta en rede» e «xestión, avaliación e control» do programa nacional.

2. As axudas a que se refiren as alíneas a) e b) do número anterior terán a consideración de contribución financeira da Administración xeral do Estado para o desenvolvemento da iniciativa comunitaria «Leader Plus» en cada comunidade autónoma. Esta contribución financeira no ámbito de cada comunidade autónoma non poderá exceder-lo 18 por 100 da contribución de fondos comunitarios reflectidos no programa rexional en zonas de obxectivo 1 e do 35 por 100 en zonas fóra do obxectivo 1, nin excederá a contribución da comunidade autónoma ó financiamento da iniciativa, non computándose para estes efectos calquera outra axuda que se poida conceder ó abeiro de liñas de apoio distintas ás especificamente destinadas ó financiamento desa iniciativa.

3. As axudas correspondentes ós proxectos de cooperación intercomarcal e transnacional, que teñan un ámbito de aplicación superior ó territorio dunha comunidade autónoma, poderanse imputar integramente á contribución financeira da Administración xeral do Estado e ós fondos comunitarios asociados a ela, nos termos acordados no procedemento de selección previsto no número 2 do artigo 10.

4. A distribución entre os grupos de acción local desta contribución financeira e dos fondos comunitarios asociados a ela determinarase atendendo a criterios socioeconómicos, entre outros, de poboación e superficie.

5. En todo caso, a concesión das axudas requirirá a observancia do previsto neste real decreto, nos correspondentes convenios que subscriba o organismo intermediario coa Comisión Europea e cos grupos de acción local e no réxime de axudas aprobado na Decisión 2001/1245/CE, do 18 de maio.

#### Artigo 4. *Beneficiarios: grupos de acción local.*

1. Os beneficiarios das axudas ás que se refire este capítulo serán os grupos de acción local que, xunto cos programas comarcais por eles presentados, resulten seleccionados de conformidade co previsto no artigo 8, e que subscriban o oportuno convenio de colaboración co organismo intermediario.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os perceptores finais das axudas serán os titulares dos proxectos que resulten seleccionados polos grupos de acción local, sendo os gastos que se realicen na execución deses proxectos os que se deban ter en conta para xustificar-las axudas percibidas.

2. Os grupos de acción local, para os efectos do disposto na Comunicación 2000/C 139/05, serán aquelas entidades asociativas responsables da presentación dos programas comarcais e da execución daqueles que resulten seleccionados, debendo reunir, ó menos, os seguintes requisitos:

a) Estaren constituídos por un conxunto equilibrado e representativo de interlocutores públicos e privados implantados a escala local que definen unha estratexia, informan e asesoran a poboación rural, mobilizan e estimulan as comunidades no atinxente ó desenvolvemento económico e social da súa comarca e promoven a execución de proxectos de investimento que xeren emprego ou melloren a calidade de vida.

b) Transparencia na atribución de funcións e responsabilidades, debéndose garantir, ademais, a plena capacidade dos interlocutores para asumiren as tarefas encomendadas, incluídas as financeiras, ben como a eficacia dos mecanismos de funcionamento e de toma de decisións.

c) Os membros dos grupos de acción local que teñan natureza xurídica pública ou administrativa non poderán sumar máis do 50 por 100 dos votos nos órganos de decisión.

d) Deberán facilitar a verificación das súas actuacións por parte da Comisión Europea e dos órganos de control comunitarios, nacionais ou autonómicos.

e) Deberán ter unha contabilidade independente para as accións «Leader Plus» que, salvo que pola súa forma xurídica estean obrigados a un sistema contable determinado, se axustará ó disposto no Real decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades, que para estes efectos son de obrigatoria aceptación.

f) Calquera que sexa a súa forma xurídica, carecerán estatutariamente de fins de lucro. Para estes efectos, considerarase que carecen de fins de lucro aquelas entidades que, aínda que desenvolvan actividades de carácter mercantil, invistan os beneficios resultantes daqueles na súa totalidade no cumprimento dos seus fins institucionais non mercantís.

g) Os grupos de acción local seleccionados nomearán un responsable administrativo e financeiro.

3. Os grupos de acción local estarán sometidos, alén de ás normas estatais ou rexionais que lles sexan de aplicación, ás obrigacións administrativas, financeiras e de información e de verificación e control derivadas da normativa comunitaria e, en especial, do Regulamento 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais dos fondos estruturais, e do Regulamento 1257/1999, do 17 de maio, sobre axudas ó desenvolvemento rural a cargo do FEOGA Orientación e Garantía.

#### Artigo 5. *Organismo intermediario.*

1. En cada comunidade autónoma que optase pola fórmula de cofinanciamento en réxime de subvención global, actuará como «organismo intermediario» un órgano de cooperación, dos previstos no artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O «organismo intermediario» reunirá en representación da Administración xeral do Estado o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, ó que corresponderá a presidencia e representación do organismo; o subsecretario deste departamento, e o director xeral de Desenvolvemento Rural; e en representación da correspondente comunidade autónoma, tres membros que esta designe.

3. Sen prexuízo das que especificamente se determinen no acordo de constitución do órgano de cooperación e as que se lle atribúan noutros artigos deste real decreto, o «organismo intermediario» terá as seguintes funcións:

a) Asegurar a correcta aplicación da iniciativa nas comarcas de actuación dos grupos de acción local seleccionados.

b) Garantir que a subvención global se execute de conformidade coa normativa comunitaria.

c) Subscribir coa Comisión Europea os convenios polos que se establecen as normas para a adxudicación e emprego da subvención global que a Comisión confíe ó «organismo intermediario» en virtude das decisións aprobatorias de cada programa rexional, co contido mínimo que se especifica no anexo II deste real decreto.

d) Distribuír entre os grupos de acción local as dotacións financeiras previstas nos programas rexionais, sobre as bases que para tal efecto se establezan no correspondente convenio.

e) Subscribir cos grupos de acción local os convenios polos que se establecen as normas de adxudicación, emprego, control e seguimento dos fondos públicos postos ó seu dispor.

4. Os acordos que se adopten no seo do «organismo intermediario» serán asinados polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e o membro que designe cada comunidade autónoma. Así mesmo, os convenios que teña que subscribi-lo «organismo intermediario», de acordo co disposto nas alíneas c) e e) do número anterior, serán asinados polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e o membro que designe cada comunidade autónoma.

Non obstante, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá delega-la sinatura no subsecretario do Departamento ou no director xeral de Desenvolvemento Rural.

5. No programa nacional actuará como «organismo intermediario» o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 6. *Programas nacional e rexionais*

1. A iniciativa comunitaria «Leader Plus», como programa propio da Comisión Europea no marco da Comunicación 2000/CE 139/05 e sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, articularase a través dun programa nacional aprobado na Decisión 2001/1245/CE, do 18 de maio, e de programas rexionais elaborados polas comunidades autónomas e que deberán ser aprobados pola Comisión Europea.

2. Unha vez aprobados pola Comisión Europea, os programas rexionais serán obxecto dun convenio subscrito entre a Comisión Europea e o «organismo intermediario», que deberá conter, ó menos, os aspectos que se establecen no anexo II deste real decreto.

3. Os programas rexionais, que terán unha estrutura axustada ó sinalado no anexo da comunicación, deberán mostrar claramente as capacidades, deficiencias e potencialidades da zona susceptible de aplicación, expo-los obxectivos específicos perseguidos mediante a aplicación da iniciativa, a súa articulación coas políticas de desenvolvemento rural xa en marcha ou previstas, a estratexia aplicada para os atinxir, a coherencia e a plusvalía das actividades propostas e a súa repercusión sobre o ambiente.

4. Os programas rexionais articularanse sobre os tres eixes seguintes:

- a) Apoio ás estratexias de desenvolvemento rural comarcais, integradas e piloto, baseadas no enfoque ascendente e a cooperación horizontal.
- b) Apoio á cooperación intercomarcal e transnacional.
- c) Xestión, seguimento e avaliación.

#### Artigo 7. *Programas comarcais*

1. No marco dos programas nacional e rexionais aprobados pola Comisión Europea, a iniciativa «Leader Plus» aplicarase a programas comarcais, que deberán cumprir, ó menos, os seguinte requisitos:

- a) Abrangueren comarcas rurais que formen, cada unha de elas, un conxunto homoxéneo desde o punto de vista físico, económico e social. Estas comarcas deberán gardar certa coherencia e presentar unha masa crítica suficiente en termos de recursos humanos, financeiros e económicos, capaz de manter unha estratexia de desenvolvemento viable, de conformidade coas previsións do número 1 do anexo III deste real decreto.
- b) Seren elaborados polos grupos de acción local e axustárense ás estratexias dos programas rexionais previstas nas alíneas a) e b) do número 4 do artigo 6, para o cal deberán reuni-las características previstas no número 2 do anexo III deste real decreto.
- c) Incluíren un procedemento de xestión de axudas que determine, ó menos, os aspectos que establece o número 3 do anexo III deste real decreto.

d) Incluíren unha sección sobre o grupo de acción local, na que, con independencia da súa forma xurídica, se determine o réxime xurídico que lle sexa de aplicación, especificando, ó menos, os aspectos que se establecen no número 4 do anexo III deste real decreto.

e) Intégranse nun sistema de información en rede, participando nela activamente, mediante a posta ó dispor da célula de animación de toda a información necesaria sobre as accións xa realizadas ou en curso de realización, ben como dos resultados obtidos.

f) Os programas comarcais deberán contar cos acordos plenarios das entidades locais que prevexan a súa participación financeira e polos que se comprometan a contribuír no cofinanciamento do programa comarcal.

2. Naquelas comarcas de actuación que, delimitadas polos grupos de acción local consoante os principios de coherencia territorial sinalados na alínea a) do número anterior, comprendan áreas xeográficas de dúas ou máis comunidades autónomas, a aplicación da iniciativa comunitaria, incluída a selección dos programas comarcais e dos grupos de acción local que os deban xestionar, axustarase ó disposto no programa nacional aprobado pola Decisión 2001/1245/CE, do 18 de maio, e na Orde do 2 de agosto de 2001.

#### Artigo 8. *Selección dos programas comarcais e dos grupos de acción local*

1. Conforme as bases e criterios que para tal efecto establezan os programas nacional e rexionais aprobados pola Comisión Europea, convocaranse os procesos públicos para a selección durante todo o período de execución da iniciativa comunitaria, mediante un procedemento aberto e rigoroso, dos programas comarcais e dos grupos de acción local que os deban xestionar.

2. A selección dos programas comarcais e dos grupos de acción local que os deban xestionar será realizada, segundo o previsto nos programas nacional e rexionais, por unha comisión de selección formada paritariamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en representación da Administración xeral do Estado, a comunidade autónoma correspondente e, cando for o caso, a Administración local. Os vocais que actúen en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación serán designados polo director xeral de Desenvolvemento Rural.

Poderán participar nesta comisión de selección, nos termos establecidos nos programas rexionais, outras entidades públicas ou privadas de desenvolvemento rural.

A comisión de selección adoptará as súas propias normas de funcionamento e adoptará os seus acordos por maioría.

3. No proceso selectivo valorarase o territorio, o grupo de acción local e o programa comarcal de desenvolvemento, de conformidade cos criterios de selección incluídos nos programas nacional e rexionais.

4. A comisión de selección elevará a súa proposta ó subsecretario do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no programa nacional ou ó órgano competente da correspondente comunidade autónoma nos programas rexionais.

5. Unha vez seleccionados os programas comarcais e os grupos de acción local, subscribiranse os correspondentes convenios entre o «organismo intermediario» e os grupos de acción local, nos que se regularán as normas de adxudicación, emprego, control e seguimento das axudas concedidas, así como, cando menos, as materias previstas no anexo IV deste real decreto.

### Artigo 9. *Selección de proxectos.*

1. Os proxectos ós que se refire o segundo parágrafo do artigo 4.1 deste real decreto deberán ser aprobados polo correspondente grupo de acción local, logo de informe técnico favorable de subvencionalidade, e teren sido obxecto de contrato de axuda entre o grupo de acción local e o titular do expediente.

A emisión do informe técnico de subvencionalidade corresponde ó «organismo intermediario», sen prexuízo dos criterios de elixibilidade que, para a súa imputación ós fondos comunitarios, corresponde fixar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como autoridade pagadora e na súa condición de unidade administradora do FEOGA-Orientación.

O contrato de axuda deberá explicita-lo investimento aprobado, a subvención concedida por fontes de financiamento, o prazo máximo de execución, os compromisos asumidos polo titular, a forma de xustificación do gasto e a efectividade do pagamento e cantas estipulacións sexan necesarias para asegura-lo cumprimento dos obxectivos do proxecto, así como as consecuencias do incumprimento das obrigacións derivadas do contrato.

2. Na selección dos proxectos daráselles prioridade, nos termos previstos nos programas comarcais e rexionais e en igualdade de condicións, ós proxectos de investimento presentados por mulleres, mozos menores de corenta anos no momento da concesión da axuda ou entidades asociativas nas que, ó menos, o 25 por 100 dos socios sexan mulleres ou mozos, sen prexuízo doutros criterios de prioridade que se establezan neses programas.

3. Os grupos de acción local, no marco do montante global asignado, poderán conceder axudas ós proxectos de gasto ou investimento ata os límites da axuda máxima establecidos no réxime de axudas sinalado no número 5 do artigo 3.

4. Os perceptores finais das axudas estarán sometidos ó control e verificación, en canto á xestión das axudas, da Comisión Europea e do «organismo intermediario», así como ó control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado e á fiscalización do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores da comunidade autónoma. Este sometemento será comunicado formalmente ó perceptor polo grupo de acción local, constituíndo a súa aceptación expresa condición indispensable para a percepción da axuda.

### Artigo 10. *Selección de proxectos de cooperación intercomarcal e transnacional.*

1. Os grupos de acción local presentarán os proxectos de cooperación intercomarcal e transnacional durante o segundo e cuarto trimestre de cada ano natural. Un dese grupo actuará como coordinador ante os correspondentes «organismos intermediarios», sen prexuízo de a execución de estes proxectos poder realizarse baixo unha estrutura xurídica común, na que estarán asociados os grupos de acción local.

2. A selección destes proxectos corresponderá ós «organismos intermediarios» afectados por razón do territorio. Para estes efectos, os citados «organismos intermediarios» celebrarán para a resolución de cada unha das dúas convocatorias anuais as correspondentes sesións conxuntas.

3. Os perceptores finais das axudas derivadas destes proxectos estarán sometidos ó réxime de control e verificación establecido no número 4 do artigo anterior. Igualmente, a aceptación expresa dese réxime constituirá condición indispensable para a percepción da axuda.

### Artigo 11. *Seguimento.*

1. Para o seguimento dos programas rexionais e do programa nacional constituiranse os respectivos comités de seguimento; a súa composición e o procedemento de actuación serán determinados consoante o disposto naqueles, polo «organismo intermediario» correspondente na súa primeira convocatoria e terán, entre outras, as seguintes funcións:

a) Comproba-la eficacia e o correcto desenvolvemento da iniciativa.

b) Revisar periodicamente os avances realizados en relación co logro dos obxectivos específicos da iniciativa e avalia-lo impacto na sociedade rural dos obxectivos e estratexias de igualdade de oportunidades.

c) Supervisa-la aplicación dos procedementos de xestión para que a selección das operacións financiadas sexa coherente cos obxectivos da iniciativa.

d) Estudia-los resultados da aplicación, en particular a realización dos obxectivos fixados para as distintas medidas, así como a avaliación intermedia.

e) Estudiar e aproba-lo informe anual e o informe final de execución antes de seren enviados á Comisión das Comunidades Europeas.

f) Estudiar e aprobar calquera proposta de modificación do contido da Decisión da Comisión sobre a participación dos fondos estruturais.

2. Ós comités de seguimento seralles de aplicación o disposto nos artigos 34 a 46 do Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais sobre os fondos estruturais.

### Artigo 12. *Comité de coordinación.*

1. Para a avaliación e coordinación da iniciativa en todo o territorio nacional constituirase un comité de coordinación da iniciativa comunitaria «Leader Plus», presidido polo director xeral de Desenvolvemento Rural, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, integrado polos seguintes membros:

a) Un representante de cada un dos seguintes órganos e institucións:

1.º Subdirección Xeral de Relacións co FEOGA-Orientación.

2.º Subdirección Xeral de Formación, Participación e Fomento Asociativo.

3.º Instituto da Muller.

4.º Instituto da Xuventude.

b) Un representante da rede de autoridades ambientais da Administración xeral do Estado.

c) Un representante da Comisión Europea.

d) Un representante de cada unha das comunidades autónomas que desexen participar.

e) Un representante da Federación Española de Municipios e Provincias.

f) Un representante da Célula de Promoción e Animación.

g) Un representante de cada unha das asociacións de grupos de acción local de ámbito nacional.

h) Un representante de cada un dos grupos de acción local.

i) Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias de ámbito nacional e da Confederación Española de Cooperativas Agrarias.

j) Un representante de cada unha das organizacións seguintes: CC.OO., UGT, CEOE e CEPYME.

k) Un representante dos Centros Europeos de Información e Animación Rural.

Actuará como secretario do comité o xefe da Área de Iniciativas Comunitarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

2. O comité de coordinación aprobará o seu regulamento interno de funcionamento e terá, entre outras e sen prexuízo das funcións que a normativa comunitaria e nacional outorgan ós comités de seguimento previstos no artigo anterior, as seguintes funcións:

a) Coñece-los labores de promoción, difusión e dinamización que as diferentes administracións públicas e grupos de acción local intervinientes arbitren para o mellor desenvolvemento e coñecemento dos programas.

b) Procurar que tódalas medidas se realicen de acordo cos obxectivos marcados na comunicación e se adecuen ás condicións e disposicións vixentes para a execución dos programas e ós regulamentos e disposicións polos que se rexen os fondos estruturais.

c) Analizar e informar sobre os indicadores físicos e financeiros de seguimento da iniciativa.

d) Propo-las medidas globais e analiza-las adaptacións propostas á Comisión cando esas adaptacións supoñan unha modificación dos plans financeiros rexionais con transferencias interrexionais.

e) Analiza-los informes anuais nacionais de execución e avaliación propostos polos «organismos intermediarios».

f) Coñecer e analiza-los procesos e resultados da avaliación.

g) Estimula-la cooperación e o intercambio de experiencias entre os distintos axentes e administracións intervinientes en programas de desenvolvemento.

h) Debater e canalizar cantas iniciativas sexan propostas con anterioridade polos seus membros e incorporadas á orde do día.

i) Supervisar e anima-la posta en rede.

j) Coordinación dos programas rexionais e, se for o caso, transferencia de dotacións financeiras entre eles.

k) Establecemento de criterios homoxéneos de subvencionalidade das accións.

l) Respecto das políticas comunitarias e nacionais, especialmente da política agrícola común, protección do ambiente, normas de competencia, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e apoio ós mozos.

m) Determinación da metodoloxía e análise de resultados da avaliación continua e final e obtención de resultados consolidados no ámbito nacional.

n) Adopción de medidas de promoción e publicidade de ámbito nacional sobre as actuacións para o desenvolvemento das zonas comúns.

#### Artigo 13. *Posta en rede.*

1. De acordo co disposto na Comunicación 2000/C 139/05, porase en marcha unha Célula de Promoción e Animación do Desenvolvemento Rural, que terá por obxectivo promover-lo traballo en rede dos territorios rurais, sexan ou non beneficiarios da iniciativa comunitaria «Leader Plus», e de tódolos implicados e interesados no desenvolvemento rural, con especial interese en que formen parte da rede os dedicados a traballar no desenvolvemento endógeno e participativo.

2. Para logra-lo seu obxectivo de promoción e animación, a Célula será responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Estas funcións poderán levarse a cabo directamente ou a través da asistencia técnica de persoas físicas ou xurídicas, conforme a normativa vixente.

3. As funcións que deberá pór en marcha a Célula serán, entre outras, as que se recollen no anexo V deste real decreto.

## CAPÍTULO II

### Programas comarcais de medidas de desenvolvemento endógeno incluídas nos programas operativos integrados e nos programas de desenvolvemento rural (PRODER)

#### Artigo 14. *Definición.*

Os programas comarcais de medidas de desenvolvemento endógeno incluídas nos programas operativos integrados e nos programas de desenvolvemento rural (PRODER) teñen por obxecto establecer as axudas que se concederán para a execución por grupos de acción local de programas comarcais orientados ó desenvolvemento endógeno e sustentable do medio rural, ó fortalecemento e diversificación da súa economía, ó mantemento da súa poboación, á elevación das rendas e o benestar social dos seus habitantes, e á conservación do espazo e dos recursos naturais.

#### Artigo 15. *Financiamento.*

1. A Administración xeral do Estado, como complemento financeiro ás achegas dos fondos comunitarios e das comunidades autónomas e, cando for o caso, das entidades locais, contribuirá financeiramente ó PRODER, nos seguintes supostos:

a) Cando a comunidade autónoma decida que a xestión do programa se realice mediante o sistema de subvención global, a través dos correspondentes grupos de acción local con capacidade de concederen axudas a perceptores finais.

b) Cando a comunidade autónoma decida que a xestión do programa se realice mediante o sistema de programas operativos, encargando a súa xestión ós correspondentes grupos de acción local con capacidade de concederen axudas a perceptores finais.

c) Cando, calquera que sexa a modalidade de financiamento, as axudas a proxectos de perceptores finais sexan concedidas, por proposta de grupos de acción local, por administracións locais, sociedades de promoción ou comunidades autónomas.

Nestes casos, a dotación correspondente á participación financeira da Administración xeral do Estado destinarase exclusivamente a apoiar-los proxectos de gasto ou investimento vinculados ás estratexias de desenvolvemento previstas nos programas comarcais.

2. Estas axudas terán a consideración de contribución financeira da Administración xeral do Estado para a aplicación de programas comarcais de desenvolvemento endógeno executados polos grupos de acción local. A súa contía non poderá supera-la participación fixada para ela nos cadros financeiros aprobados pola Comisión Europea para as medidas ou parte delas vinculadas a programas comarcais de desenvolvemento para seren executados por grupos de acción local, que figuran nos diferentes instrumentos de programación.

Para estes efectos, con obxecto de manter-la proporción financeira das administracións, non se poderá computar calquera outra axuda que se poida conceder ó abeiro de liñas de apoio distintas das especificamente destinadas ó financiamento destes programas.

3. No marco das obrigacións previstas no Regulamento 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais dos fondos estruturais, e do Regulamento 1257/1999, do 17 de maio, sobre axudas ó desenvolvemento rural a cargo do FEOGA Orientación e Garantía, a distribución entre os grupos de acción local desta contribución financeira e dos fondos comunitarios asociados a ela destinarase atendendo

a criterios socioeconómicos, entre outros, de poboación e superficie.

4. En todo caso, a concesión destas axudas requirirá a observancia do disposto no real decreto e nos convenios que para o efecto sexan subscritos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a respectiva comunidade autónoma ou, se for o caso, o «organismo intermediario», cos grupos de acción local.

#### Artigo 16. *Beneficiarios.*

1. Os beneficiarios das axudas ás que se refire o presente capítulo serán:

a) Os grupos de acción local nos supostos das alíneas a) e b) do artigo 15.1 deste real decreto, para subvencionar proxectos encadrados no marco dos citados grupos e promovidos ou desenvolvidos por eles.

b) As comunidades autónomas ou as entidades locais que concedan esas axudas no suposto da alínea c) do artigo 15.1.

2. Non obstante, os perceptores finais das axudas serán os titulares dos proxectos que resulten seleccionados polos grupos de acción local, sendo os gastos que se realicen na redacción e execución deses proxectos os que se deban ter en conta para xustificá-las axudas percibidas.

#### Artigo 17. *Grupos de acción local.*

1. Os grupos de acción local serán aquelas entidades asociativas responsables da presentación dos programas comarcais e da execución daqueles que resulten seleccionados, e deberán reunir, ó menos, os requisitos previstos no número 2 do artigo 4 deste real decreto.

2. Os grupos de acción local responsables da concesión das axudas previstas neste capítulo estarán sometidos, alén de ás normas estatais ou rexionais que lles sexan de aplicación, ás obrigacións administrativas, financeiras e de información, e de verificación e control derivadas da normativa comunitaria e, en especial, do Regulamento 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais dos fondos estruturais, e do Regulamento 1257/1999, do 17 de maio, sobre axudas ó desenvolvemento rural a cargo do FEOGA Orientación e Garantía.

#### Artigo 18. *«Organismo intermediario».*

Nos supostos nos que as comunidades autónomas opten polo sistema previsto na alínea a) do número 1 do artigo 15, constituirase un «organismo intermediario». Este organismo terá a mesma composición que a prevista no artigo 5 deste real decreto e, así mesmo, axustará o seu funcionamento ó sinalado no dito precepto. As funcións que desenvolverá este «organismo intermediario» serán as que se establezan no convenio que se subscriba entre el e o Ministerio de Facenda.

#### Artigo 19. *Programas comarcais.*

1. Os programas comarcais de desenvolvemento rural endógeno e o sistema de axudas establecido neste capítulo aplicaranse preferentemente a territorios rurais de referencia determinados nos correspondentes instrumentos de programación, e para os que grupos de acción local constituídos para o efecto presenten plans de desenvolvemento para unha comarca concreta que forme un conxunto homoxéneo desde o punto de vista físico, económico e social.

Estas axudas poderanse conceder tamén en territorios seleccionados que poidan coincidir cos da aplicación

da iniciativa «Leader Plus» naqueles programas que así o teñan previsto, baixo os principios de subsidiariedade e complementariedade, nos supostos e condicións determinadas conxuntamente pola respectiva comunidade autónoma e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Os programas comarcais seleccionados ós que se refiren as axudas reguladas neste capítulo deberán procura-lo impulso do desenvolvemento endógeno e sustentable das comarcas de aplicación, a través da diversificación da economía rural, perseguindo o mantemento da poboación e elevando as rendas e o benestar social dos seus habitantes a niveis máis próximos ou equiparables a outras zonas máis desenvolvidas, asegurando a conservación do espazo e dos recursos naturais.

3. Os programas comarcais determinarán de forma separada as estratexias de desenvolvemento a executar mediante proxectos de gasto ou investimento a cargo de promotores perceptores finais e o sistema de xestión e funcionamento do programa a cargo do grupo de acción local; os seus gastos non poderán supera-lo 10 por 100 do importe total das dotacións públicas postas ó seu dispor.

#### Artigo 20. *Selección dos grupos de acción local e dos programas comarcais.*

1. Os programas comarcais e os grupos de acción local que os deban xestionar seleccionaranse mediante convocatorias rexionais, conforme as bases e criterios establecidos nos programas rexionais ou, no seu defecto, adoptados entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a consellería correspondente das comunidades autónomas.

2. O proceso selectivo dos programas comarcais e dos grupos de acción local que os deban xestionar axustarase ó disposto nos números 2, 3 e 4 do artigo 8 deste real decreto.

3. Unha vez seleccionados os programas comarcais e os grupos de acción local, subscribiranse os correspondentes convenios entre o «organismo intermediario» e os grupos de acción local nos supostos previstos na alínea a) do artigo 15.1 e entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a comunidade autónoma e o grupo de acción local nos casos previstos nas alíneas b) e c) do mesmo precepto.

Nestes convenios regularanse as normas de adxudicación, emprego, control e seguimento das axudas, así como, nos supostos das alíneas a) e b) do artigo 15.1, ó menos, as materias previstas no anexo IV deste real decreto.

#### Artigo 21. *Selección de proxectos.*

1. Nos supostos das alíneas a) e b) do artigo 15.1 deste real decreto, os proxectos vinculados a estratexias de desenvolvemento previstos no número 3 do artigo 19, susceptibles de seren obxecto de axudas, deberán ser aprobados polo correspondente grupo de acción local, logo de informe favorable de subvencionalidade, e teren sido obxecto dun contrato de axuda entre o grupo de acción local e o titular do proxecto.

A emisión do informe técnico de subvencionalidade corresponde ó «organismo intermediario» no caso previsto na alínea a) do artigo 15.1 e á comunidade autónoma, na súa calidade de autoridade rexional de xestión, nos casos previstos nas alíneas b) e c) do mesmo precepto, sen prexuízo dos criterios de elixibilidade que, para a súa imputación ós fondos comunitarios, corresponde fixar, ben ó Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación como unidade administradora do FEOGA-Orientación e FEOGA-Garantía, ou ben ó Ministerio de

Facenda como unidade administradora do FEDER, en rexións de obxectivo 1.

O contrato de axuda responderá ó previsto no terceiro parágrafo do artigo 9.1.

2. Na selección dos proxectos daráselles prioridade, nos termos previstos nos programas comarcais, ós proxectos de investimento presentados por mulleres, mozos menores de corenta anos no momento da concesión da axuda ou por entidades asociativas nas que, ó menos, o 25 por 100 dos socios sexan mulleres ou mozos, sen prexuízo doutros criterios de prioridade que establezan os citados programas ou estean establecidos nos programas operativos integrados ou nos programas de desenvolvemento rural.

3. Os grupos de acción local, no marco do montante global asignado, poderán conceder axudas ós proxectos de gasto ou investimento ata os límites de axuda máxima establecidos no réxime de axudas que para tal efecto se incorporará nos convenios previstos no número 3 do artigo 20.

4. Os perceptores finais das axudas estarán sometidos ó control e verificación, en canto á xestión das axudas, da Comisión Europea e do «organismo intermediario», así como ó control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado e á fiscalización do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores da comunidade autónoma. Tal sometemento será comunicado formalmente ó perceptor polo grupo de acción local, constituíndo a súa aceptación expresa condición indispensable para a percepción da axuda.

#### Artigo 22. *Seguimento.*

O seguimento dos programas comarcais de desenvolvemento endógeno previstos no presente capítulo corresponderá ós comités de seguimento dos programas operativos integrados de obxectivo 1 e dos programas de desenvolvemento rural de fóra de obxectivo 1, sen prexuízo de as comunidades autónomas poderen constituír órganos específicos de seguimento.

### CAPÍTULO III

#### Disposicións comúns

#### Artigo 23. *Cumprimento de obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.*

A concesión das axudas reguladas neste real decreto estará suxeita á acreditación polo perceptor final dos requisitos esixidos, en cada caso, pola lexislación vixente e, en especial, do cumprimento das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.

#### Artigo 24. *Incompatibilidades.*

1. As axudas a que se refire este real decreto serán incompatibles con calquera outra axuda que, destinada a financialo mesmo gasto ou investimento, estea cofinanciada con fondos comunitarios.

2. O importe das subvencións reguladas neste real decreto en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o importe da axuda pública máxima autorizada no réxime de axudas correspondente, nin, se for o caso, o custo da actividade que vaia desenvolverlo beneficiario, de conformidade co previsto no número 8 do artigo 81 do Real decreto legislativo 1091/1988, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

#### Artigo 25. *Responsable administrativo e financeiro.*

1. Os grupos de acción local seleccionados nomearán de entre os seus membros directos ou representados, que deteñan a condición de entidade local, un responsable administrativo e financeiro. Excepcionalmente, o «organismo intermediario» ou, caso de non existir este, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a correspondente comunidade autónoma actuando de forma conxunta, poderán autorizar que sexa designada responsable administrativo e financeiro outra persoa xurídica pública, aínda no caso de que esta non sexa membro do grupo de acción local.

O grupo de acción local e o responsable administrativo e financeiro subscribirán o correspondente convenio no que se expliciten as obrigacións de ámbalas partes.

2. As funcións que correspondan ó responsable administrativo e financeiro na súa calidade de tal deberán ser desenvolvidas por unha persoa física con capacidade de control e fiscalización de fondos públicos, que, en todo caso, actuará baixo o principio de autonomía funcional.

3. Para cada expediente individual, o responsable administrativo e financeiro comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos ó perceptor final e os demais aspectos previstos no anexo VI deste real decreto.

4. En todo caso, o «organismo intermediario» ou, caso de non existir este, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas conxuntamente, poderán supervisar e, se é o caso, dictalas instrucións necesarias para que os procedementos de xestión, en xeral, e as actuacións do responsable administrativo e financeiro, en particular, se adecuen ós obxectivos do programa rexional, programa operativo integrado ou programa de desenvolvemento rural, segundo os casos.

#### Artigo 26. *Transferencias de fondos.*

1. O aboamento da contribución da Administración xeral do Estado librarase ás comunidades autónomas para a súa remisión, salvo nos supostos da alínea c) do número 1 do artigo 15, ós grupos de acción local, logo de acordo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, de conformidade co previsto no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro. En todo caso, minoraranse desas cantidades os importes que correspondan ós proxectos de cooperación interautonómicos e transnacionais financiados integramente pola Administración xeral do Estado, ós que se refire o artigo 3.3 deste real decreto.

2. Os fondos comunitarios procedentes de FEO-GA-Orientación, destinados a cofinanciar os proxectos a que se refire a presente norma, transferiranse ós grupos de acción local, salvo nos supostos da alínea c) do número 1 do artigo 15, nos que se librarán ás comunidades autónomas.

Os fondos comunitarios procedentes do FEDER e FEO-GA-Garantía transferiranse de conformidade co previsto polos órganos responsables dos citados fondos do Ministerio de Facenda e Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, respectivamente.

3. As comunidades autónomas remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a seguinte documentación:

a) Relación de expedientes finalizados e pagamentos realizados correspondentes ás medidas cofinanciadas.

b) Certificación expedida polo órgano competente das CCAA do cumprimento por parte dos perceptores

finais dos requisitos necesarios para a obtención da subvención.

4. En todo caso, ós remanentes de fondos da Administración xeral do Estado resultantes ó finalizar cada exercicio que se encontren en poder das comunidades autónomas seralles de aplicación o previsto no número 7 do artigo 153 da Lei xeral orzamentaria. Nos seguintes exercicios o pagamento de axudas con cargo a estes remanentes corresponderá á contribución financeira da Administración xeral do Estado a proxectos relativos a cada tipo de intervención, polo que o seu pagamento polas comunidades autónomas se entenderá realizado por conta daquela.

5. Sen prexuízo de todo o anterior, as axudas imputables á contribución financeira da Administración xeral do Estado e ós fondos comunitarios asociados a ela, correspondentes ós proxectos de cooperación a que se refire o número 3 do artigo 3 poderán ser transferidas directamente ó grupo coordinador ou, se for o caso, á estrutura xurídica común, previstos no número 1 do artigo 10. Nestes casos, as transferencias previstas nos números 1 e 2 do presente artigo serán obxecto das correspondentes compensacións.

#### Artigo 27. Información.

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as comunidades autónomas e os grupos de acción local, en cada caso, serán depositarios da documentación necesaria para os efectos de cubri-las esixencias das institucións nacionais ou comunitarias no exercicio das súas funcións de seguimento, avaliación e control.

2. Nos convenios que se subscriban estableceranse as obrigacións recíprocas en materia de depósito de documentación e intercambio de información.

#### Artigo 28. Carácter público dos fondos.

1. Con independencia da forma xurídica que adopten os grupos de acción local que se seleccionen e da súa consideración como beneficiarios, os fondos concedidos para a execución dos seus programas comarcais non perderán o carácter público na aplicación posterior por parte daqueles. En consecuencia, procederá a aplicación supletoria do Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de axudas e subvencións públicas.

2. A resolución dos recursos que se poidan promover contra as decisións dos grupos de acción local na selección dos proxectos corresponderá:

a) En relación co programa nacional da iniciativa LEADER Plus, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, na súa condición de autoridade nacional de xestión;

b) En relación cos programas rexionais da mesma iniciativa, ás comunidades autónomas, na súa calidade de autoridades rexionais de xestión; e

c) En relación co PRODER, ás comunidades autónomas, na súa calidade de autoridades rexionais de xestión dos programas de desenvolvemento rural en rexións de fóra de obxectivo 1 e na súa calidade de órganos executores das medidas de desenvolvemento endógeno en rexións de obxectivo 1.

#### Artigo 29. Control e reintegro das axudas.

1. Tanto os xestores das axudas como os perceptores finais quedan suxeitos ás disposicións comunitarias de control establecidas nos artigos 38 e 39 do Regulamento (CE) 1260/1999.

2. Os grupos de acción local estarán sometidos ó control e verificación, en canto á xestión das axudas, da Comisión Europea e do organismo intermediario, así como ó control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado e á fiscalización do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores da comunidade autónoma.

3. Polo que se refire ós perceptores finais das axudas, atenderase ó disposto nos artigos 9.4, 10.3 e 21.4 deste real decreto.

4. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obrigaçión de xustificación.
- b) Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.
- d) Incumprimento das condicións impostas ós perceptores con motivo da concesión da subvención.

5. De acordo co previsto na alínea l) do artigo 9 do Regulamento (CE) 1260/1999, o grupo de acción local, como beneficiario final das axudas destinadas a financia-lo seu programa comarcal, será responsable de toda cantidade que dea lugar a unha devolución, sen prexuízo da acción de repetición contra o perceptor último da mesma.

O expediente de reintegro de fondos comunitarios procedentes do FEOGA e da Administración xeral do Estado será incoado, instruído e resolvido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e dirixirse contra o grupo de acción local. No caso de fondos FEDER, este trámite corresponderá ó Ministerio de Facenda.

#### Artigo 30. Avaliación.

1. En virtude do disposto no Regulamento (CE) 1260/1999, realizarase un seguimento eficaz da utilización das axudas públicas, así como unha apreciación e avaliación das intervencións.

2. Nos prazos en que se acorde coa Comisión Europea, a mediados do período de programación e á súa finalización realizarase unha avaliación intermedia e final, que mostrará en qué medida se foron alcanzando os obxectivos previstos nos programas e definirá a repercusión global deles, en especial en relación coa redución das diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diferentes rexións e o atraso das rexións menos favorecidas e das zonas rurais.

3. As comunidades autónomas adoptarán os mecanismos internos necesarios que lles permitan unha avaliación continua dos distintos proxectos e medidas dos programas comarcais e do conxunto do programa rexional.

4. A avaliación permitirá coñece-lo funcionamento dos grupos de acción local, o seu grao de eficacia e eficiencia en aplicación do seu programa, procedendo, en caso necesario e a mediados do período de programación, a unha revisión dos grupos, co fin de reaxusta-la súa execución co albo do mellor cumprimento do programa rexional.

5. Con obxecto de coñece-lo cumprimento dos obxectivos e a repercusión socioeconómica no ámbito rexional, realizaranse avaliacións intermedias, das que se responsabilizarán:

- a) As comunidades autónomas, respecto dos programas rexionais da iniciativa LEADER Plus e dos programas PRODER en rexións de fóra de obxectivo 1.
- b) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, respecto do programa nacional da iniciativa LEADER Plus.



c) O Ministerio de Facenda, respecto do programa PRODER en rexións de obxectivo 1.

6. Será competencia da Administración xeral do Estado as avaliacións temáticas e estudos horizontais dun problema ou sector de actividade dentro dun mesmo obxectivo, así como a avaliación intermedia e final do programa nacional da iniciativa LEADER Plus.

7. Realizarase unha avaliación nacional que se baseará en aspectos comúns da avaliación dos programas rexionais, para o que se definirá unha metodoloxía común no seo do comité de coordinación ó que se refire o artigo 12 deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Comunidade Autónoma das Canarias.*

1. Atendendo ás características específicas do arquipélago canario, como rexión ultraperiférica, os programas comarcais de desenvolvemento endógeno poderán ser presentados na Comunidade Autónoma das Canarias polos cabidos insulares, mancomunidades de cabidos ou agrupacións agrarias legalmente constituídas.

2. Neste caso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación participará na comisión de selección de proxectos de perceptores finais que para tal efecto se constitúa.

3. O libramento de fondos comunitarios farase directamente á Comunidade Autónoma das Canarias.

Disposición adicional segunda. *Asignación do volume máximo das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro dos límites das súas asignacións orzamentarias, determinará anualmente o volume total de axudas para o cofinanciamento de acordo co que se desprenda dos cadros financeiros correspondentes ós programas nacional e rexionais da iniciativa LEADER Plus e ás medidas de desenvolvemento endógeno incluídas nos programas operativos integrados e nos programas de desenvolvemento rural. Estes volumes terán un seguimento constante na súa execución e poderán ser obxecto de revisión, de acordo cos mecanismos que para o efecto se establezan, para a súa adaptación á evolución xeral do programa de axudas establecido neste real decreto, tanto no seu aspecto territorial como por liña de axuda.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará do disposto no parágrafo anterior á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Disposición adicional terceira. *Zonas de apoio transitorio.*

Para os territorios obxecto de programas comarcais de desenvolvemento rural endógeno a que se refire o capítulo II deste real decreto, incluídos nas zonas de apoio transitorio en virtude do obxectivo 1, do anexo II

da Decisión da Comisión 1999/502/CE, a axuda da Administración xeral do Estado, a que se refire o artigo 15, virá determinada pola contía e porcentaxes de participación fixados nos cadros financeiros do programa operativo e o seu complemento aprobados para estas medidas.

Disposición transitoria única. *Alcance do financiamento.*

As axudas que, como contribución financeira da Administración xeral do Estado, corresponden ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o cofinanciamento das medidas de desenvolvemento rural endógeno previstas no capítulo II deste real decreto, atinxirán, así mesmo, os proxectos vinculados ás estratexias de desenvolvemento sinaladas no número 3 do artigo 19 e aprobados no marco dos programas rexionais de desenvolvemento rural sinalados no número 2 do artigo 1, ata o momento en que se seleccionen os correspondentes programas comarcais e os grupos de acción local que os deban xestionar. Neste caso, a transferencia das dotacións que correspondan axustarase ó previsto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

A regulación das axudas previstas neste real decreto ten a natureza de normativa básica, en virtude do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adoptar, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, así como para a actualización das dotacións que, como contribución da Administración xeral do Estado, corresponden ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ó abeiro das disposicións que dicta a Comisión Europea en materia de actualización da súa contribución financeira.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## ANEXO I

### Financiamento

Dotacións de fondos comunitarios e contribucións financeiras da Administración xeral do Estado aprobadas mediante decisións da Comisión das Comunidades Europeas e incluídas nos programas da iniciativa comunitaria LEADER PLUS e, para as medidas de desenvolvemento endóxeno, nos programas operativos integrados de rexións de obxectivo 1 e nos programas de desenvolvemento rural de rexións de fóra de obxectivo 1.

Comunidade autónoma	LEADER PLUS		PRODER	
	FEOGA — Euros	AXE(MAPA) — Euros	FEOGA — Euros	AXE (MAPA) — Euros
Andalucía .....	86.500.000	15.541.347	133.254.464	18.976.251
Aragón .....	38.000.000	13.236.667	19.111.000	6.364.000
Asturias .....	17.100.000	3.010.000	55.386.000	9.939.461
Baleares .....	4.600.000	1.604.940	—	—
Canarias .....	15.300.000	2.692.175	10.086.000	1.121.000
Cantabria .....	9.000.000	1.547.619	5.367.000	7.003.110
Castela-A Mancha .....	54.000.000	9.396.000	39.791.000	7.141.974
Castela e León .....	69.000.000	11.678.250	65.787.289	16.912.952
Cataluña .....	25.000.000	8.666.667	15.343.839	15.343.839
Estremadura .....	32.000.000	5.621.333	26.354.000	3.566.000
Galicia .....	54.500.000	9.807.000	37.306.000	9.187.000
Madrid .....	6.300.000	2.140.000	6.148.955	2.590.422
Murcia .....	11.900.000	2.023.000	—	—
Navarra .....	8.500.000	2.500.000	—	—
A Rioxa .....	5.600.000	1.866.667	—	—
Comunidade Valenciana .....	30.000.000	5.176.667	27.639.045	5.866.111
Programa nacional .....	23.600.000	13.964.835	—	—
<b>Total .....</b>	<b>490.900.000</b>	<b>110.473.167</b>	<b>441.574.592</b>	<b>104.012.120</b>

## ANEXO II

### Contido mínimo dos convenios coa Comisión Europea e o «organismo intermediario»

- a) Obxecto.
- b) Importe da subvención global.
- c) Ámbito xeográfico e obxectivo da acción.
- d) Sistema de pagamentos.
- e) Sistema de elaboración de informes.
- f) Control financeiro.
- g) Condicións xerais.
- h) Funcións de cada parte integrante do organismo intermediario.
- i) Cadros financeiros indicativos por eixes, anos e administracións financiadoras.

## ANEXO III

### Estructura e contido mínimo dos programas comarcais

1. Requisitos aplicables ó ámbito de aplicación dos programas comarcais:

a) Os programas comarcais deberán abranguer comarcas rurais que formen, cada unha delas, un conxunto homoxéneo desde o punto de vista físico, económico e social. Estas comarcas deberán gardar certa coherencia e presentar unha masa crítica suficiente en termos de recursos humanos, financeiros e económicos, capaz de manter unha estratexia de desenvolvemento viable.

b) Os territorios de aplicación dos programas comarcais serán determinados polos grupos de acción local, podendo incorporarse ás citadas comarcas entidades locais menores que o municipio das recollidas na lexislación de réxime local e podendo diferir de calquera divi-

sión administrativa ou das establecidas para as intervencións comunitarias que puidese menoscabalo criterio de coherencia mencionado, salvo as que como territorios susceptibles de aplicación da iniciativa comunitaria figuren nos programas rexionais. Así mesmo, en casos debidamente xustificadas, poderanse excluír zonas de carácter urbano que formen parte de termos municipais incluídos na comarca seleccionada.

c) Co obxectivo de garantir o carácter local, a poboación da comarca, como regra xeral, non deberá exceder os 100.000 habitantes nas zonas de maior densidade de poboación (120 h/km<sup>2</sup>) nin situarse por baixo dos 10.000 habitantes, sen prexuízo de que, excepcionalmente e en circunstancias convenientemente xustificadas, a comisión de selección poida autorizar volumes de poboación non comprendidos entre estes límites, en zonas especialmente definidas.

2. Características da elaboración dos programas comarcais.

2.1 Deberase tratar dunha estratexia integrada, que aplique un enfoque global, concertado, baseado na interacción dos operadores, sectores e proxectos, centrada en principio nun aspecto dominante representativo da identidade, os recursos ou os coñecementos técnicos específicos desenvolvidos na comarca e a capacidade de aglutinar tódolos operadores e proxectos de diversos ámbitos nunha mesma estratexia de desenvolvemento. Ademais dos puramente específicos de cada rexión, considéranse aspectos aglutinantes de particular interese os seguintes:

- a) Utilización de novos coñecementos e tecnoloxías, co fin de incrementala competitividade dos produtos e servizos nas comarcas de actuación;
- b) Mellora da calidade de vida nas zonas rurais;

c) Valorización dos produtos locais, en particular, facilitando o acceso ó mercado das pequenas estruturas de produción mediante actuacións de tipo colectivo, e  
d) Valorización dos recursos naturais e culturais, incluída a das áreas de interese comunitario no marco de NATURA 2000.

1.º Cada plan de desenvolvemento deberá demostrar a súa coherencia e que a estratexia proposta se articula nun ou en varios dos aspectos anteriores. En ningún caso a estratexia poderá consistir nunha acumulación de proxectos ou nunha mera xustaposición de intervencións sectoriais.

2.º En función das situacións específicas características da comarca, o organismo intermediario poderá ampliar a lista de aspectos aglutinantes. En todo caso, terán prioridade as estratexias que teñan por obxecto a igualdade de oportunidades de mulleres e mozos.

3.º A estratexia de desenvolvemento deberá probar a súa coherencia e arraigamento na comarca de actuación, en especial desde un punto de vista socioeconómico. Ademais, deberá xustificar a súa viabilidade económica e carácter sustentable, no sentido de que o emprego de recursos non vai comprometer as opcións de futuras xeracións.

4.º A estratexia de desenvolvemento deberá demostrar o seu carácter piloto, creando instrumentos que permitan emprender vías de desenvolvemento sustentable, novas en comparación coas prácticas exercidas no pasado e concibidas e aplicadas no marco doutros programas. Sen prexuízo doutras circunstancias que as comunidades autónomas poidan considerar, considérase que o carácter piloto pode explicitarse en función dos seguintes aspectos:

- a) Aparición de novos produtos e servizos que incorporen trazos específicos locais,
- b) Establecemento de novos métodos que permitan combinar entre si os recursos humanos e financeiros da comarca e que teñan como consecuencia unha explotación máis eficaz do potencial endógeno,
- c) Combinación e enlace de sectores da economía tradicionalmente moi afastados, e
- d) Creación de formas orixinais de organización e participación da poboación local no proceso de toma de decisións e de aplicación do proxecto.

5.º A estratexia de desenvolvemento deberá demostrar a posibilidade de transferencia dos métodos propostos, en tanto que os promotores do proxecto teñen a obriga de pór á disposición dun sistema de información en rede a súa experiencia no terreo metodolóxico, ben como os resultados logrados.

6.º A estratexia de desenvolvemento deberá demostrar o seu carácter complementario coas intervencións doutros programas na comarca de actuación.

## 2.2 Apoio á cooperación entre comarcas rurais.

1.º As accións de cooperación consistirán na posta en común de coñecementos técnicos e/ou recursos humanos e financeiros dispersos en cada unha das comarcas e inscribíranse en orientacións temáticas claramente definidas polos grupos de acción local nos seus plans de desenvolvemento.

2.º O fomento e apoio da cooperación entre comarcas persegue, a miúdo de forma complementaria, o logro dunha masa crítica para a viabilidade dun proxecto común e a procura de complementariedades.

3.º Deste xeito, a cooperación non se limitará a unha simple troca de experiencias, senón que deberá consistir na realización dunha acción común e integrada, cando for posible, nunha mesma estrutura e baixo a responsabilidade dun grupo de acción local coordinador, que

actuará como responsable da recepción e xestión dos fondos públicos, da execución correcta da acción e da xustificación final da utilización dos citados fondos.

4.º Esta actuación levarase a cabo baixo dúas modalidades:

a) Cooperación intercomarcal, na que poderán participar non só as comarcas seleccionadas no marco desta iniciativa, senón tamén aquelas que fosen elixidas en aplicación das iniciativas LEADER I e LEADER II e doutros programas desenvolvidos por grupos de acción local. A excepción das operacións relacionadas cun aspecto moi preciso, para a aplicación do cal se requira unha comarca máis ampla que a dos grupos de acción local correspondentes, só poderán obter cofinanciamento comunitario e nacional as operacións relativas ás comarcas seleccionadas no marco de LEADER PLUS. Non obstante, poderanse subvencionar os gastos de animación do proxecto de cooperación en tódalas comarcas que participen na cooperación.

b) Cooperación transnacional, que se aplicará ós grupos de acción local que participen en programas conxuntos cos grupos de acción local de, ó menos, outro Estado membro. Non obstante, no caso de unha comarca seleccionada no marco de LEADER PLUS cooperar, conforme as condicións establecidas neste artigo, cun territorio dun país non pertencente á Unión Europea segundo as pautas fixadas pola iniciativa, poderán subvencionarse os gastos correspondentes ó territorio LEADER PLUS.

3. Procedemento de xestión que se incluírá no programa comarcal.

Os programas comarcais incluírán un procedemento de xestión de axudas que explicita, ó menos, os seguintes aspectos:

- a) Mecanismos de funcionamento e toma de decisións.
- b) Funcións e responsabilidades.
- c) Sistemas de divulgación do programa.
- d) Recepción e estudo de solicitudes.
- e) Elaboración dos informes técnico-económicos.
- f) Selección de proxectos. Baremos.
- g) Metodoloxía de certificacións.
- h) Motivación de decisións.
- i) Rexistros e seguimento de proxectos.
- j) Mecanismos de control e de recuperación de subvencións.

En todo caso garantiranse os principios de colaboración, obxectividade, imparcialidade, eficacia, eficiencia, transparencia, publicidade e libre concorrencia. Calquera modificación do procedemento de xestión deberá ser autorizado polo organismo intermediario.

4. Datos relativos ós grupos de acción social que se incluírán nos programas comarcais.

Con independencia da forma xurídica adoptada polos grupos de acción local e das disposicións ás que en virtude dela se deban axustar, os programas comarcais incluírán un capítulo de réxime societario que explicita, ó menos:

- a) Requisitos para adquirir a condición de socio.
- b) Sistema de admisión de socios.
- c) Obrigacións e dereitos dos socios.
- d) Baixa de socios. Suspensión dos dereitos do socio. Consecuencias económicas.
- e) Réxime económico. Contribucións. Cotas de ingreso. Patrimonio.
- f) Responsabilidades.
- g) Representación e xestión do grupo de acción local.
- h) Normas de disciplina social.

i) Funcionamento dos órganos de decisión. Funcións e composición. Convocatorias. Dereitos de voto. Maiorías. Delegación de atribucións.

- j) Libros e contabilidades.
- k) Dereitos de información.
- l) Normas de disolución e liquidación.

Calquera modificación do réxime societario de funcionamento deberá comunicarse ó organismo intermedio.

#### ANEXO IV

##### Contido mínimo dos convenios de colaboración que se subscriban cos grupos de acción local seleccionados

- a) Importe das subvencións nacionais e comunitarias.
- b) Ámbito xeográfico e obxecto da acción.
- c) Execución das medidas ou liñas de actuación.
- d) Principios de actuación.
- e) Concesión de axudas ós beneficiarios.
- f) Procedemento de xestión.
- g) Pagamento de axudas.
- h) Garantías.
- i) Sistema de elaboración de informes.
- j) Control financeiro.
- k) Redución, suspensión e supresión da axuda comunitaria.
- l) Devolución dos fondos aplicados indebidamente.
- m) Prevención, detección e corrección de irregularidades.
- n) Carácter, duración e revisión do convenio.
- ñ) Normativa aplicable.
- o) Relación de municipios, extensión e poboación do territorio de actuación.

Ademais, os convenios incorporarán os cadros financeiros de execución, os modelos tipificados de solicitude, informe técnico-económico, contrato e certificación relativos á xestión dos proxectos de gastos ou investimento e o correspondente réxime de axudas.

#### ANEXO V

##### Funcións da célula de promoción e animación do desenvolvemento rural

As funcións que deberá pór en marcha a célula e que darán lugar a unha serie de actividades que se detallarán na programación correspondente ó capítulo III do programa de carácter nacional serán as seguintes:

- a) Busca, análise e información a escala nacional de boas prácticas na promoción do desenvolvemento rural.
- b) Organización de encontros de grupos de acción local e outros actores do desenvolvemento rural, co fin de pór en común as experiencias individuais locais e comarcais.
- c) Mellora da formación do persoal que traballa nos centros de desenvolvemento comarcal dependentes dos grupos de acción local.
- d) Mantemento e animación dunha rede telemática que facilite a comunicación entre tódolos compoñentes da rede de desenvolvemento rural. O centro desta rede telemática será unha páxina web que, alén da base de datos cos proxectos e actividades considerados boas prácticas para o desenvolvemento rural, teña toda a información posible que poida interesar a calquera implicado nos procesos de desenvolvemento das comarcas rurais e sirva, co uso do correo electrónico, de foro de discusión e para a difusión de noticias en tempo real.

e) Análise e difusión de experiencias e cambios producidos na aplicación das políticas de igualdade de oportunidades de mozos e mulleres no medio rural.

f) Promoción de actos que melloren a imaxe do medio rural e a necesidade de mantelo vivo, no conxunto da sociedade.

g) Edición dunha aplicación que sirva de soporte material á comunicación entre tódolos que formen a rede, e que potencie e axude a difundir o resto de actividades da célula.

#### ANEXO VI

##### Comprobacións que realizará o responsable administrativo e financeiro

Para cada expediente individual, o responsable administrativo e financeiro comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos ó beneficiario no réxime de axudas e, en especial, as seguintes comprobacións:

a) Na fase de fiscalización das propostas de gasto polas que se acorda a concesión da subvención e para contrae-lo correspondente compromiso de gasto:

1.º Solicitude subscrita polo beneficiario en tempo e forma.

2.º Acta de comprobación de non inicio do gasto ou investimento.

3.º Informe técnico-económico subscrito pola xerencia e a súa adecuación ós criterios de valoración contidos no procedemento de xestión e ós requisitos específicos establecidos no réxime de axudas.

4.º Escrituras, títulos de lexitimación, proxectos técnicos, permisos e autorizacións, nos termos previstos no correspondente réxime de axudas.

5.º Acordo do órgano competente de decisión do grupo de acción local, no que se especifique o investimento aprobado e a subvención concedida, de acordo cos termos que, en forma motivada, constarán na acta da sesión correspondente.

6.º Contrato que subscribirá o perceptor final e o presidente do grupo de acción local ou cargo delegado, no que se especifique o investimento aprobado, a subvención concedida, por fontes de financiamento, o prazo de execución dos compromisos e forma de xustificación do cumprimento dos mesmos.

7.º Existencia de dotación dispoñible, que a imputación do proxecto é o adecuado á súa natureza e que o importe das axudas non supera os límites establecidos.

8.º Existencia de informe técnico favorable de subvencionalidade.

9.º Cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, nos termos sinalados no réxime de axudas.

10.º Cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e imparcialidade.

11.º Cando se concedan anticipos á conta da subvención, que non superarán o 40 por 100 dela, ademais das comprobacións sinaladas anteriormente, verificarase a existencia de solicitude do promotor, de acordo de concesión e do outorgamento das garantías que, se for o caso, procedan.

b) Na fase de recoñecemento da obrigación e pagamento:

1.º Acordo de concesión e que se fiscalizou de conformidade.

2.º Contrato subscrito polo perceptor final e o presidente do grupo de acción local ou cargo delegado.

3.º Certificado de existencia e compromiso de gasto.

4.º Que se cumpriron os requisitos establecidos no réxime de axudas e no procedemento de xestión do grupo de acción local.

5.º Que, en caso de concorrencia doutras axudas, non son incompatibles.

6.º Que os xustificantes do investimento e o seu pagamento efectivo, así como os relativos ó cumprimento do resto dos compromisos asumidos polo beneficiario, se corresponden cos establecidos no contrato e nas demais normas reguladoras da subvención.

7.º Cando o pagamento se efectúe en exercicios posteriores ó da concesión, que os perceptores da subvención se achan ó día das súas obrigacións tributarias e de seguridade social, conforme o disposto no número anterior.

8.º Certificación do equipo técnico da xerencia na que se acredite a execución material do proxecto e o seu investimento real.

9.º Cando se trate de certificacións parciais, a comprobación axustarase ós termos sinalados nesta alínea.

Os reparos de fiscalización por falta dalgún requisito dos sinalados con anterioridade suspenderán a tramitación do expediente ata as deficiencias seren rectificadas. Estes reparos suspensivos de fiscalización poderán ser impugnados, no prazo dun mes desde a súa adopción, ante o órgano da comunidade autónoma competente en materia de desenvolvemento rural.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**801** *REAL DECRETO 1468/2001, do 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 46 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro. («BOE» 12, do 14-1-2002.)*

A provisión de estabilización, regulada con carácter xeral no artigo 45 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, «ten como finalidade alcanza-la estabilidade técnica de cada ramo. Calcularase e dotarase naqueles riscos que polo seu carácter especial, nivel de incerteza (...) así o requiran, e integrárense polo importe necesario para facer fronte ás desviacións aleatorias desfavorables da sinistralidade», razón pola cal «terá carácter acumulativo».

Unha vez determinado o carácter especial do risco cuberto, debe cuantificarse a perda máxima probable que unha (ou varias) eventual desviación desfavorable pode chegar a producir. Sen prexuízo da obrigatoriedade desta provisión en todos aqueles supostos en que así proceda de acordo co anterior, o precepto citado determina que «as aseguradoras deberán constituír provisión de estabilización polo menos nos seguintes riscos e ata os seguintes límites», para a seguir regular tal obrigatoriedade en certos seguros de responsabilidade civil, o seguro de crédito, outros seguros de especial potencial de perdas de gran importe (danos á construción, multiriscos industriais, riscos ambientais e riscos catastróficos) e en particular, polo que aquí interesa, nos riscos incluídos nos plans de seguros agrarios combinados.

Na actualidade, a provisión de estabilización do Consorcio de Compensación de Seguros está regulada, en canto ó límite ata o cal é obrigatoria a súa constitución, no artigo 46 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembre, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, na redacción dada polo Real decreto 1126/1991, do 28 de xuño. Tal límite fixouse, ó apro-

barse este regulamento, en «unha cifra equivalente á sinistralidade pagada polo consorcio nos últimos cinco anos».

Se o obxectivo da constitución desta provisión é o de realizar dotacións nos períodos de resultados positivos (a súa principal fonte son, como o propio precepto indica, os excedentes que se produzan na conta de explotación), coa finalidade de proceder á súa aplicación nos períodos de resultados negativos (con desviacións desfavorables da sinistralidade), dáse o paradoxo de que, por aplicación dos termos en que o límite se regula, é precisamente ante ciclos de alta sinistralidade cando ese límite —que en tales circunstancias non é alcanzable— resulta suficientemente elevado (isto é, en períodos nos que os resultados de sinistralidade non permiten a súa axeitada dotación, pois o que procede é a súa aplicación), mentres que tras exercicios de bos resultados, o límite regulamentario comeza a diminuír (xa que está establecido en termos de sinistralidade dos últimos cinco exercicios), ata devir notoriamente insuficiente tras cinco anos de bos resultados a causa de sinistralidades reducidas, co conseguinte perigo de insolvencia ante unha posible sinistralidade extrema, á que o seguro agrario está tan exposto, e a aparición da estrita necesidade de acudir á garantía do Estado prevista na actualidade no punto 1.e) do propio precepto, como en épocas anteriores ocorreu de feito.

Cómpre salientar que, consciente o lexislador, xa no ano 1998, e incluso en 1985 (ano de aparición do xa derogado Regulamento de seguros precedente do actual), da anterior circunstancia, determinou como límite desta provisión en todos e cada un dos ramos nos que a impuña como obrigatoria, unha determinada porcentaxe das primas comerciais das entidades, e non da sinistralidade.

Polas anteriores razóns, a presente modificación regulamentaria ten por obxecto substituí-lo referente «sinistralidade» polo de «primas» na determinación do límite ata o cal é obrigatoria constituír esta provisión. Mantendo a referencia temporal (cinco anos), a longo prazo non hai diferencias cuantitativas entre ámbolos métodos (pois a estabilidade de todo ramo de seguro é unha equivalencia entre as primas e a sinistralidade, aínda que en ramos vinculados a eventos da natureza tal estabilidade debe formularse en ciclos moi superiores ó ano natural), pero en dous aspectos conséguense unha notable e importante mellora, que de feito marcará a diferenza entre conseguí-la finalidade da provisión e non o facer:

a) A sincronización ganancia-dotación/perda-aplicación, propia de toda provisión desta natureza.

b) A estabilidade na evolución cuantitativa, que será paralela ó volume de negocio do ramo e, en consecuencia, ó risco que incorpora, eliminando os indesexados altibaixos que, ademais, se producen a contracorrente, como quedou exposto.

Adicionalmente á modificación substancial citada, o funcionamento da provisión a partir da situación actual do sistema de seguros agrarios combinados permitiría prescindir da fonte de financiamento desta provisión, vinculada ós orzamentos xerais do Estado, prevista na actual alínea c) do artigo 46.1 do Regulamento dos seguros agrarios combinados, que se refire á «dotación que conforme o previsto en cada plan anual de seguros agrarios combinados por proposta da Dirección Xeral de Seguros, se consigne nos orzamentos xerais do Estado, con destino á constitución da provisión técnica a que se refire o número seguinte» (a hoxe denominada «de estabilización»).

En consecuencia, suprímese, adicionalmente, o citado punto. Sen embargo, continúa sendo estrictamente necesaria a provisión contida na actual alínea e) —que pasará